

NEWS SEMANAIS



NOVAS DO SECTOR AUTONÓMICO



SINDICATO **INDEPENDENTE E PROFESIONAL**
DE EMPREGADOS PÚBLICOS

XUÑO_1



CSIF GALICIA

Rúa do Valiño, 65, baixo
15707 Santiago de Compostela

Tefl.: 981 560 951
email: galicia@csif.es
www.heraldtoupeiras.es

 Herald Toupeiras
 @Heraldtoupeiras

Índice

1. Medio Rural destrúe máis de 180 postos de traballo na nova Relación de postos de traballo
2. Continúan sin resolver los múltiples problemas de la RPT de Medio Rural
3. El TSXG acuerda ejecutar la sentencia de la segunda actividad
4. Alteración das puntuaciones nas listas, de oficio e sen prazo de reclamacións
5. Graves irregularidades en la aplicación del nuevo baremo de las listas de contratación
6. Horario de verán para o persoal funcionario e/ou laboral da Xunta de Galicia
7. Modificación do Decreto de Listas da Xunta de Galicia
8. CSIF propone un plan de mejoras laborales y de modernización del modelo de administración
9. NEWS CSIF Nacional: resumen quincenal
10. Ofertas públicas de emprego nas Entidade Locais de Galicia
11. OUTRAS NOVAS: concurso, listas, conciliación...
12. ENCUESTA sobre las condiciones laborales y retributivas de los Empleados Públicos de la Administración General del Estado

1. Medio Rural destrúe máis de 180 postos de traballo na nova Relación de postos de traballo

 **Na última RPT (2013) xa suprimiu outras 160 prazas.**

 **CCOO e UGT votan a favor; CSIF votou en contra.**

Na Comisión de Persoal celebrada o 12 de xuño de 2019 foi aprobada, co **voto en contra de CSIF e os votos a favor de CCOO e UGT**, a nova Relación de Postos de Traballo de Medio Rural, no que supón un **"suma e segue" na destrución de emprego público** que segue perpetrando a Xunta de Galicia. Nesta ocasión, **amortízanse preto de 200 prazas**, que sumadas ás 160 amortizadas de 2013, arrojan un saldo superior ás 350 prazas destruídas no período 2013-2019.

CSIF insistiu en cada unha das reunións previas que esta amortización masiva non supón **ningún aforro no capítulo I**, dado que en moitos casos as prazas xa non están dotadas orzamentariamente, polo que a súa eliminación comportará a **imposibilidade futura de dar cobertura a estes postos.**

Fronte a estas amortizacións, que **inclúen prazas vacantes de bombeiros forestais**, non podemos considerar unha compensación a creación de 548 prazas do Servizo de Prevención de Incendios, dado que son prazas que substitúen ás eliminadas en SEAGA e supoñen **máis precariedade e temporalidade no SPIF**, ao ser prazas de 5 meses (6 no ano 2020). **Medio Rural non se dá ningunha solución a gran parte das cuestións suscitadas por CSIF:**



-  Equiparación dos niveis salariais das OAC e Servizos de Produción e Sanidade Vexetal.
-  Consignación das funcións de inspección dos diferentes Servizos.
-  Consignación de prazas afectadas pola DT 10ª froito das sentenzas firmes.
-  Consignación de persoal Indefinido Non Fixo (listado incompleto).
-  Recuperación e creación dos postos de traballo perdidos (Mais de 300 postos no ano 2012 e 13 brigadas de reforzo respecto ao 2018)
-  Rexeitamento das amortizacións propostas pola Consellería.
-  Reclasificación de todas as categorías do SPIF.
-  Ampliación do período de actividade de todo o persoal discontinuo.
-  Inclusión dos complementos salariais gandos xudicialmente.
-  Equiparación de pluses de peóns forestais e capataces de establecemento da Consellería de Medio Rural cos seus homólogos de Medio Ambiente

Esperabamos nesta comisión de persoal algunha **manobra de distracción** e non nos defraudaron. Nesta ocasión, e sen ningunha relación con esta RPT, o Director de Función Pública anunciou que vai **ofertar nas próximas Ofertas de Emprego 200 prazas fixas discontinuas de 9 meses** do Servizo de Incendios que na actualidade están ocupadas por persoal temporal.

Lonxe de considerar unha boa noticia para os nosos compañeiros, consideramos un **auténtico despropósito** que se convoquen máis prazas nas condicións actuais, que **non poden considerarse como unha consolidación de emprego** cando **se puntúan igual os servizos prestados na Xunta de Galicia que os prestados noutras administracións públicas ou non se establece unha nota de corte** que garanta o acceso á fase de concurso para unha valoración real e efectiva dos méritos dos traballadores da Xunta... iso a parte de ser **convocadas como persoal funcionario incumprindo recentes sentenzas do Tribunal Supremo**.

2. Continúan sin resolver los múltiples problemas de la RPT de Medio Rural

Más promesas incumplidas que no se reflejan en ningún documento..

CSIF fue convocada el día 11 de junio a una nueva reunión sobre **la RPT de la CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL**, tras su paso por la Mesa Xeral, a la que asistieron la Secretaria Xeral Técnica, la Subdirectora Xeral de Coordinación Administrativa y el Jefe de Servicio de Personal de la Consellería de Medio Rural.

Desde CSIF seguimos pidiendo, entre otras, las siguientes actuaciones en la RPT

-  Equiparación de los niveles salariales de las OAC y Servicios de Producción y Sanidad Vegetal.
-  Consignación de las funciones de inspección de los diferentes Servicios.
-  Consignación de plazas afectadas por la DT 10ª fruto de las sentencias firmes.
-  Consignación de personal Indefinido No Fijo (listado incompleto).
-  Recuperación y creación de los puestos de trabajo perdidos.
-  Más de 300 puestos en el año 2012 y 13 brigadas de refuerzo respecto al 2018
-  Rechazo de las amortizaciones propuestas por la Consellería.
-  Reclasificación de todas las categorías del SPIF.
-  Ampliación del período de actividad de TODO el personal discontinuo.
-  Inclusión de los complementos salariales ganados judicialmente.
-  Equiparación de pluses de peones forestales y capataces de establecimiento de la Consellería de Medio Rural con sus homólogos de Medio Ambiente

Desde la Consellería de **Medio Rural no se da una solución satisfactoria a todos los problemas encontrados en la RPT**, y nos gustaría, aunque no tenemos muchas esperanzas, que mañana en la Comisión de Personal se pueda dar una salida a los problemas planteados en la RPT

En lo referente a la ampliación del tiempo de prestación de servicios del personal discontinuo, **CSIF propone** para 2019-2020, la **ampliación inicial a 9 meses del período de actividad de los puestos de "Apoyo Alto Riesgo"**, con un único periodo de actividad, y **ampliación a 12 meses de los puestos discontinuos de 9 meses**. Y nos seguimos marcando como **objetivo final de que TODOS los puestos del SPIF sean de 12 meses**.

Sobre esta cuestión la **Secretaría Xeral** ha sido clara, **que no todas las plazas van a pasar de 9 a 12 meses en un futuro aún por definir, y que esto no lo van a consignar en la RPT.**

En CSIF seguimos teniendo muy presente el Acuerdo de Bomberos Forestales del año 2016 incumplido por la Xunta de Galicia. Tres años después **siguen sin regularse**, tal como se había comprometido en el citado acuerdo, **las singularidades del personal discontinuo**, y en esta RPT la **Consellería rechaza frontalmente dar cumplimiento a los acuerdos previos firmados**.

3. El TSXG acuerda ejecutar la sentencia de la segunda actividad

- CSIF **El Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declaró ilegal la discriminación del personal laboral temporal pactada por CCOO y UGT.**
- CSIF **La sentencia del conflicto es ejecutiva, independiente del recurso presentado ante el Tribunal Supremo por la Xunta.**

El Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ha acordado **ejecutar la sentencia** del Conflicto Colectivo de la segunda actividad de los Bomberos Forestales y requerir a la XUNTA DE GALICIA (CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL Y CONSELLERÍA DE FACENDA) para que **de forma inmediata convoque los procesos de pase a la segunda actividad para el personal laboral temporal.**



La sentencia del **Conflicto Colectivo** presentado por CSIF ante el Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra el acuerdo de segunda actividad firmado por CCOO, UGT y la Xunta de Galicia, establece **que el personal laboral temporal tiene derecho a que se le conceda el pase a la segunda actividad exactamente en las mismas condiciones que al personal laboral fijo**, condenando tanto a la Xunta de Galicia como a las organizaciones sindicales firmantes del acuerdo ilegal.

Pese al recurso planteado por la Xunta de Galicia ante el Tribunal Supremo, **CSIF** instó la ejecución de la sentencia al Tribunal Superior de Justicia de Galicia de conformidad con lo establecido en el art. 160.4 LRJS ***"La sentencia será ejecutiva desde el momento en que se dicte, no obstante el recurso que contra la misma pueda interponerse"***.

Una vez más, el **TSXG** da la razón a **CSIF** y **requiere a la XUNTA DE GALICIA para que de forma inmediata convoque los procesos** que permitan hacer efectivo el pase a la segunda actividad **del personal temporal de las distintas categorías de Bomberos Forestales** del Servicio de Prevención de Incendios Forestales de la Xunta de Galicia, en las mismas condiciones que el personal laboral fijo.

Desde **CSIF** seguimos manteniendo nuestro compromiso de defender los derechos de **TODOS** los trabajadores de la Xunta de Galicia en cada uno de los ámbitos posibles, también en el ámbito de la negociación colectiva, por lo que solicitamos al personal laboral que **apoye en las próximas elecciones sindicales a los compañeros y compañeras que se presentan en las candidaturas de CSIF** en detrimento de aquellos sindicatos que han traicionado sus intereses.

4. Alteración das puntuacións nas listas, de oficio e sen prazo de reclamacións

Medio Rural non atende a recomendación de Función Pública e fará os chamamentos telefónicamente.

Na reunión da Comisión de Listas celebrada o pasado seis de xuño, fomos informados dos plans da Xunta de Galicia para a **entrada en vigor** da modificación do decreto de listas 37/2006 e a posterior **cobertura das máis de 500 novas prazas** de “alto risco” no Servizo de Prevención de Incendios.

Función Pública **publicará o vindeiro luns a modificación do decreto 37/2006** para proceder, ao día seguinte, a alterar as puntuacións dos integrantes das listas conforme ao novo baremo.

A alteración da puntuación terá **carácter definitivo**, atentando gravemente contra a seguridade xurídica e os intereses dos integrantes das listas, que verán impotentes como se modifica a súa puntuación e a súa posición nas listas **sen ter un prazo de alegacións para emendar os posibles erros ou incidencias**. E todo iso co **claro propósito de utilizar as listas así elaboradas para a cobertura de máis de 500 prazas de nova creación** na Consellería de Medio Rural.

O novo baremo, que entre outras cuestións **reduce o valor dos servizos prestados na Xunta de Galicia** (tamén o valor dos servizos prestados en Concellos para o caso do SPIF) e introduce a **valoración de servizos prestados en determinados entes instrumentais**, aplicárase de oficio no caso de SEAGA conforme á información remitida polos directivos da empresa á Consellería de Facenda.

Si todo o exposto é moi preocupante e deixa clara a grave inseguridade xurídica dos integrantes das listas, para maior abundamento a **Consellería de Medio Rural** ha desoído as recomendacións dos responsables das listas, que aconsellan abordar a cobertura dun número tan elevado de prazas a través de notificación postal, e **vai facer os chamamentos de forma telefónica**, para desta forma contribuír un pouco máis, si cabo, ao **desconcerto** e ao **barullo** que seguro haberá no proceso.

A **proba física farase antes do chamamento** e a un número aínda non determinado de aspirantes.

Para rematar, tamén nos informan de que a **actualización definitiva dos méritos correspondentes ao ano 2018 entra en vigor o vindeiro luns**.



5. Graves irregularidades en la aplicación del nuevo baremo de las listas de contratación

-  **La falta de transparencia aumenta las sospechas.**
-  **CSIF exige a la Xunta de Galicia que suspenda la entrada en vigor del nuevo baremo mientras no se depuren y corrijan las incidencias.**

Hace unos días advertíamos de que los planes de la Xunta para la aplicación del nuevo baremo de méritos, que **reduce el valor de los servicios prestados en la Xunta de Galicia** (también lo servicios prestados en Concellos para el caso del SPIF), incluía la **incorporación de oficio de los servicios prestados en determinadas plazas de entes instrumentales**. También denunciábamos que dicha actualización de méritos tendría **carácter definitivo**, no contaría con el **imprescindible plazo de alegaciones**, y se aplicaría de **forma retroactiva** a los servicios prestados con anterioridad a la modificación del decreto.

En el día de hoy, y con **total opacidad**, Función Pública ha publicado la actualización definitiva de méritos y el caos es absoluto:

-  El nuevo baremo se aplica con **carácter retroactivo y se reduce el valor y peso específico de los servicios prestados** en Xunta y ayuntamientos.
-  Los puntos del tiempo trabajado en SEAGA se incorpora **de oficio y sin plazo de reclamación**, con total falta de información respecto a los periodos computados y las categorías consideradas análogas.
-  Hay integrantes de las listas a los que no les han incorporado puntos de SEAGA.
-  **La lista provisional de méritos ha quedado en papel mojado**, no coincidiendo con los méritos aprobados con carácter definitivo.
-  Cambios de criterio sobrevenidos, como que **sólo actualizan los servicios prestados en los concellos correspondientes al año 2018**, a pesar de que los años anteriores constaban puntuados en la actualización provisional de méritos de algunos aspirantes.



Ante la gravedad de los hechos, y en pro de la **transparencia** y de la **seguridad jurídica** de los integrantes de las listas, desde **CSIF hemos solicitado a Función Pública que suspenda la entrada en vigor de la modificación del Decreto de Listas**, hasta que se corrijan las ilegalidades denunciadas, se verifiquen los certificados expedidos por la sociedad mercantil SEAGA y se comprueben el resto de incidencias detectadas y denunciadas en este escrito.

6. Horario de verán para o persoal funcionario e/ou laboral da Xunta de Galicia

XUNTA DE GALICIA

Goberno e institucións Temas eServizos Transparencia

Goberno... Consellería... Función... Normativa... Normativa específica dos procedementos aplicables ao persoal Instrucións

Normativa e documentación

- Normativa xeral
- Normativa específica dos procedementos aplicables ao persoal
- Instrucións

PROCEDEMENTOS APLICABLES AO PERSOAL FUNCIONARIO E/OU LABORAL

Instrucións

- Instrucións da Dirección Xeral da Función Pública do 29/03/2019 relativas á entrada en vigor do Real Decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación / Real Decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación
- Nota informativa sobre o horario de verán (vixente dende 2016)**
- Resolución do 24 de febreiro do 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas para o persoal

NOTA INFORMATIVA SOBRE HORARIO DE VERÁN

Horario de verán, período de aplicación do 16 de xuño a 15 de setembro (ambos os dous inclusive):

Horario oficial:

Do 16 de xuño ata o 15 de setembro deberán realizarse 6 horas diarias continuadas de traballo entre as 8:00 e as 15:00 horas. O cálculo do cumprimento da xornada laboral será en cómputo diario.

Horario flexibilidade automática:

Do 16 de xuño ata o 15 de setembro, deberán realizarse 6 horas diarias continuadas de traballo entre as 8:00 e as 15:00 horas. O cálculo do cumprimento da xornada laboral será en cómputo diario.

Ata o 30 de xuño será posible compensar débeda do mes de maio e ata o 31 de xullo débeda da primeira quincena do mes de xuño. O tramo horario de compensación será de 8:00 a 15:00 horas.

Horario flexibilidade conciliación:

Do 16 de xuño ao 15 de setembro, deberán realizarse 6 horas de traballo diarias na franxa horaria autorizada pola Secretaría Xeral Técnica na resolución de concesión de flexibilidade por conciliación. O cálculo do cumprimento da xornada laboral, será en cómputo mensual.

Ata o 30 de xuño será posible compensar débeda do mes de maio e ata o 31 de xullo débeda da primeira quincena do mes de xuño.

Horario redución de xornada de traballo diaria:

Do 16 de xuño ao 15 de setembro, deberá realizarse diariamente dentro da franxa horaria autorizada polo órgano de persoal correspondente para a concesión desa redución de xornada o tempo de traballo que se determine mediante a seguinte fórmula:

$$0.80 \times XR^*$$

*XR = nº de minutos traballados diariamente en xornada reducida

Queda excluído o persoal suxeito a horarios especiais e persoal a quendas, segundo dispón a Instrución do 20 de xuño de 2013".

*O texto en cor negro correspóndese ao que está na [web de Función Pública](#) e se ven aplicando dende o ano 2016 e o que está en cor azul correspóndese a proposta de modificación que se tratarán na vixente Mesa Xeral de Empregados Públicos.

7. Modificación do Decreto de Listas da Xunta de Galicia

Decreto 60/2019, do 23 de maio, polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

No Decreto 37/2006, do 2 de marzo, régúlase o procedemento para a provisión con carácter temporal de postos reservados tanto ao persoal funcionario como ao persoal laboral da Xunta de Galicia, en canto non se proceda á súa cobertura con carácter definitivo.

A cobertura temporal dos ditos postos efectúase a través dun sistema de listas abertas distribuídas por corpos, grupos, escalas, especialidades e categorías, conforme un baremo que determina a orde de prelación dos aspirantes.

Entre os méritos que integran o baremo (artigos 9 e 9 bis) figuran os servizos prestados na Xunta de Galicia e nos concellos ou mancomunidades no caso de persoal do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais. A necesidade de que os ditos servizos abran a maioría dos anos traballados polas persoas integrantes das listas, obriga a modificar o baremo no relativo ao modo de computar este mérito, que se reduce porcentualmente en canto ao seu valor mensual, pero mantén o tope máximo de valoración fixado polo decreto, coa finalidade de garantir a proporcionalidade entre todos os méritos que se computen.

O baremo tamén será aplicable ao persoal das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico que teñan publicadas as súas relacións de postos de traballo e ao persoal das entidades instrumentais do sector público autonómico responsables da prevención e da extinción de incendios forestais que se incorporan ás listas existentes da Xunta de Galicia que estea a xestionar a consellería competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais. A comunicación da incorporación destas entidades ao sistema de xestión de listas engádese como unha nova competencia da Comisión Permanente (artigo 4).

A maior novidade desta modificación vén determinada pola incorporación dos medios electrónicos ao sistema de xestión de listas (artigos 5, 13, 14, 16), que orixina un cambio no sistema de chamamentos e impón ás persoas integrantes das listas a obriga de dispoñer de teléfono móbil para ser seleccionadas. Estes cambios van permitir simplificar os trámites, ampliar os ámbitos, reducir os tempos para as coberturas; evitar desprazamentos innecesarios para as persoas aspirantes e aforrar custos tanto para a Administración como para as persoas seleccionadas, xa que dota o sistema de maior transparencia ao ofrecer unha información puntual, áxil e actualizada.

A experiencia acadada lévanos a concluír que o sistema de citacións por correo postal non é o axeitado para realizar os chamamentos ás persoas integrantes das listas, tanto polo elevado número de citacións que se realizan como polo número de reclamacións que teñen por obxecto notificacións infrutuosas.

O novo sistema de citación electrónica, que substitúe o correo postal, salvo para as listas de persoas con discapacidade intelectual, realizarase empregando o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Adicionalmente remitirase un aviso á persoa aspirante ao chamamento mediante SMS e, se é o caso, ao seu enderezo de correo electrónico.

Este sistema véñse implantando progresivamente dado que na anterior modificación desta norma xa se recollía a necesidade de posuír teléfono móbil para a realización de trámites que se tiñan que realizar electronicamente.

A característica esencial do novo sistema é a súa sinxeleza, axilidade e transparencia, pois permite acceder directamente ao contido da citación sen necesidade de ter ningún coñecemento técnico, saber previamente a oferta de postos, a data de resolución da elección e o resultado final, sen prexuízo da prestación de asistencia técnica aos integrantes das listas que o requiran.

A natureza dos postos que se ofertan, fundamentalmente relacionados directa ou indirectamente con sectores sanitarios, educativos e asistenciais, así como aqueles dos cales se derivan atribucións en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, emerxencias e protección civil e os rexistros administrativos, xunto coa necesidade de realizar substitucións transitorias de persoal nun prazo concreto, xustifica a tramitación urxente do procedemento por razóns de interese público, así como a necesidade de establecer un prazo máximo de 5 días naturais para acceder á notificación electrónica que contén a citación, de conformidade co establecido no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A redución deste prazo, que se considera máis acorde coa especial natureza do sistema de listas, permitirá axilizar o procedemento de incorporación para evitar trastornos ou prexuízos no funcionamento dos servizos públicos e repercutirá nun mellor cumprimento dos principios constitucionais de eficacia, eficiencia e seguridade xurídica.

Neste escenario, o novo sistema de xestión de listas permitirá ampliar ata un máximo de oito os ámbitos en que as persoas aspirantes poden prestar servizos, reducir o prazo de presentación das solicitudes de inclusión, que poderán presentarse presencial e electronicamente (artigos 5 e 6), reducir tamén o prazo de efectividade de certos trámites (artigos 7, 15 e 18), ao tempo que se actualizan determinados artigos para adaptalos á normativa vixente en materia de función pública (artigos 5, 8) e, finalmente, amplíase o ámbito de aplicación do obxecto do decreto á selección da totalidade de persoal funcionario interino (artigo 1). Por outra banda, permítese que as persoas integrantes das listas

poidan recuperar a posibilidade de exercer as opcións recollidas nas alíneas a) e b) do artigo 15, nos termos que se recollen nesta disposición.

Así mesmo, actualízase a disposición adicional primeira e engádense tres novas disposicións adicionais. A segunda disposición, que regula o procedemento para xestionar as listas de persoas con discapacidade intelectual, responde ao obxectivo de integrar ao colectivo no ámbito do emprego público para garantir o dereito á igualdade de trato e oportunidades.

A terceira disposición permite que o órgano de dirección correspondente, no caso de que o considere necesario, poida realizar unha proba extraordinaria de aptitude para a cobertura de determinados postos que polas súas características específicas o requiran, logo da apreciación da necesidade pola Comisión Permanente. A cuarta disposición regula a protección de datos de carácter persoal.

Ademais, engádese unha disposición transitoria, a segunda, que habilita a Comisión Permanente para elaborar unha lista única de chamamentos por cada corpo, escala, especialidade, grupo, subgrupo ou agrupación profesional de persoal funcionario, unha vez que rematen os procesos de funcionarización ou no caso de ser necesario con anterioridade a estes. Na nova lista valoraranse por igual os servizos prestados na categoría funcionarizada con independencia da relación xurídica funcionarial ou laboral en que se prestaron.

Engádense tres disposicións derradeiras, a primeira contén unha disposición normativa para o desenvolvemento e aplicación deste decreto, a segunda disposición establece a obriga para as persoas integrantes das listas de dispoñeren de teléfono móbil para ser seleccionadas e, no caso de que non o achegasen con anterioridade, fixa un prazo para comunicalo, e finalmente, a terceira disposición regula a súa entrada en vigor.

Na súa virtude, visto na Mesa Xeral de Negociación e co informe da Comisión de Persoal, por proposta do conselleiro de Facenda, e de acordo co Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e tres de maio de dous mil dezanove,

DISPÓÑO:

Artigo único. Modificación do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia

O Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, queda modificado como segue:

Un. O artigo 1 queda redactado como segue:

«Artigo 1. Obxecto

O obxecto deste decreto é a regulación do procedemento para a cobertura con carácter temporal de postos incluídos nas relacións de postos de traballo, tanto daqueles reservados a persoal funcionario das administracións xeral e especial, como os reservados ao persoal laboral, mentres non se procede á súa cobertura con carácter definitivo.

Este decreto tamén será de aplicación á cobertura das contratacións que se realicen ao abeiro do concepto orzamentario 131 ("persoal laboral temporal") do capítulo I da Lei de orzamentos e para a selección de funcionarios interinos nos supostos previstos nas alíneas c) e d) do artigo 23.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, ou norma que a substitúa».

Dous. O artigo 4 queda redactado como segue:

«Artigo 4. Órgano competente para a elaboración e o control do funcionamento das listas

1. Constituirase unha Comisión Permanente como órgano colexiado encargado da elaboración e do control do funcionamento das listas. A dita comisión quedará adscrita á consellería competente en materia de función pública.

2. A **composición** da Comisión Permanente será a seguinte:

Presidencia: a persoa titular da dirección xeral competente en materia de función pública ou persoa en quen delege.

Tres persoas en representación da Administración, designadas pola persoa titular da consellería competente en materia de función pública.

Catro persoas designadas polas organizacións sindicais con representación na Mesa Xeral de Empregados Públicos.

Secretaría: unha persoa funcionaria membro da Comisión Permanente adscrita ao servizo de listas de contratación temporal, designada pola persoa titular da consellería en materia de función pública, que actuará con voz e voto.

Na composición da Comisión Permanente procurarase atender ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.

3. As **competencias** da Comisión Permanente son as seguintes:

a) Elaborar as listas a que se refire este decreto, así como realizar as súas actualizacións e, unha vez aprobadas as listas, así como as súas actualizacións, elevaraas á persoa titular da dirección xeral competente en materia de función pública para a súa publicación.

b) Resolver as cuestións derivadas da interpretación do presente decreto.

c) Adoptar cantos acordos e decisións exixa a xestión correcta das listas.

d) Resolver as solicitudes e reclamacións presentadas en relación co funcionamento e xestión das listas.

e) Ser informada sobre a incorporación dos entes instrumentais do sector público autonómico ao sistema de xestión de listas regulado polo presente decreto».

Tres. O artigo 5 queda redactado como segue:

« **Artigo 5. Solicitudes de inclusión**

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. Nas solicitudes, a persoa solicitante fará constar en que ámbito territorial desexa prestar os seus servizos, ata un máximo de oito por cada categoría, corpo, escala ou especialidade, de conformidade coas seguintes posibilidades:

2.1. Con carácter xeral:

* **Para a cobertura de postos reservados ao persoal funcionario:**

– Subgrupos A1, A2, C1, C2 e grupo B: servizos centrais, autonómico ou provincial. Excepcionalmente, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de función pública poderá determinar, nalgúns corpos, escalas ou especialidades, ámbitos inferiores á provincia.

– Agrupación profesional de persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia: conxunto de municipios, segundo se determine na correspondente resolución de apertura do prazo de presentación de solicitudes.

* **Para a cobertura de postos reservados a persoal laboral:**

Servizos centrais, autonómico, provincial ou agrupación de municipios.

2.2. No ámbito da defensa contra incendios forestais e o ambiente:

a) Para a cobertura de postos nos servizos de defensa contra incendios forestais:

Distrito forestal ou comarca segundo se determine na correspondente resolución de apertura do prazo de presentación de solicitudes.

b) Para a cobertura de postos no ámbito dos servizos de conservación da natureza:

Distrito, comarca, bacía ou parque natural, segundo se determine na correspondente resolución de apertura do prazo de presentación de solicitudes».

Catro. O artigo 6 queda redactado como segue:

«**Artigo 6. Prazo de presentación de solicitudes**

As **novas solicitudes** poderanse presentar:

1. Desde a publicación da resolución de apertura do prazo de presentación de solicitudes por parte da dirección xeral competente en materia de función pública e no prazo establecido nela.

2. No caso de listas elaboradas de conformidade co previsto no presente decreto que se atopen en xestión, desde o día 1 de marzo ata o día 30 de abril de cada ano, elaborándose no período comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de decembro.

Porén, en calquera momento en que a Administración considere que unha determinada lista está saturada porque non se produzan contratacións ou nomeamentos, ou ben polo excesivo número de persoas inscritas, poderá determinar o peche da incorporación de novas solicitudes, coa excepción das persoas interesadas que superasen algunha proba do último proceso selectivo, ou teñan prestado servizos, no ámbito de aplicación do artigo un, na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou en entidades públicas instrumentais do sector público autonómico que teñan publicadas relacións de postos de traballo para a lista correspondente a esa categoría, corpo, escala ou especialidade».

Cinco. O artigo 7 queda redactado como segue:

«Artigo 7. Modificación de ámbitos e datos persoais

1. As persoas inscritas nas listas que desexen cambiar de ámbito ou modificar os seus datos persoais deberán facelo mediante unha solicitude. O modelo de solicitude estará á disposición das persoas interesadas na páxina web da Xunta de Galicia <https://www.xunta.gal/funcion-publica> e presentarse electronicamente.

As solicitudes poderán presentarse:

a) Para **cambio de ámbito**: no mes de xaneiro de todos os anos, producirán efectos na xestión das listas a partir do 1 de marzo seguinte.

b) Por **cambio de datos persoais**: en calquera momento, producirán efectos na xestión das listas desde o día seguinte ao da súa presentación.

2. A comunicación do número de teléfono móbil poderase presentar en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou norma que a substitúa, mediante modelo normalizado que se poderá descargar na páxina web da Xunta de Galicia <https://www.xunta.gal/funcion-publica>. A comunicación producirá efectos transcorridos 10 días contados desde a data da comunicación».

Seis. O artigo 8 queda redactado como segue:

«Artigo 8. Requisitos

Serán requisitos indispensables para poder inscribirse nas listas posuír a titulación ou formación académica exixida para cada grupo, categoría, corpo, escala ou especialidade e os demais requisitos legalmente exixidos para participar na convocatoria pública das correspondentes probas selectivas na data de presentación da solicitude de inclusión na lista pola persoa interesada en formar parte dela.

Neste senso, as persoas solicitantes deberán posuír para os subgrupos A1, A2, C1, e grupos B, I, II e III, o Celga 4 ou equivalente, para o subgrupo C2 e grupo IV, o Celga 3 ou equivalente e, finalmente, para a agrupación profesional de funcionarios e grupo V, o Celga 2 ou equivalente.

Soamente se concederá validez aos cursos ou titulacións relativas á lingua galega homologados polo órgano competente, de conformidade coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega ou norma que a substitúa».

Sete. O artigo 9 queda redactado como segue:

«Artigo 9. Baremo

O baremo aplicable para a elaboración das listas para a cobertura de postos reservados a persoal funcionario e persoal laboral será o seguinte:

a) A **suma das notas das probas superadas no último proceso selectivo** da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o grupo, escala, especialidade ou categoría en que se solicita a inscrición na lista ata un **máximo de 40 puntos** segundo a seguinte fórmula: suma das notas obtidas nas probas do proceso selectivo multiplicado por 40 e dividido entre a suma das notas máximas posible das probas do proceso selectivo.

A puntuación desta epígrafe porase de oficio a cero con motivo da resolución dun novo proceso selectivo para o mesmo grupo, escala, especialidade ou categoría da lista en que se encontre inscrita a persoa interesada, e incluírase, así mesmo, de oficio, de ser o caso, a nova puntuación.

Entenderase resolto un proceso selectivo coa publicación do resultado do acto de elección de destino do persoal de novo ingreso.

b) **Por cada mes completo de servizos efectivamente prestados na mesma categoría, corpo ou escala**, na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou en entidades públicas instrumentais do sector público autonómico incluídas no artigo 45.a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sempre que neste último caso teñan publicadas as súas relacións de postos de traballo e figuren no ámbito de aplicación do artigo un do presente decreto: 0,15 puntos, ata **un máximo de 20 puntos**.

c) **Por cada chamamento pola mesma lista**, aceptado e rematado sen renuncia ao desempeño do posto: 0,2 puntos, ata un **máximo de 4 puntos**. Só se terán en conta os chamamentos atendidos polas novas listas elaboradas a raíz da entrada en vigor deste decreto.

En todo caso, só se terán en conta os méritos alegados que o solicitante reúna o día 31 de decembro inmediato anterior».

Oito. O artigo 9.bis queda redactado como segue:

«Artigo 9.bis. Baremo aplicable ao persoal laboral dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais

Para os efectos exclusivos de elaboración das listas para a cobertura de postos reservados ás categorías de persoal laboral dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais, o baremo será o seguinte:

a) Por **servizos prestados**:

1. Por cada **mes completo de servizos** efectivamente prestados na mesma categoría, corpo, escala ou especialidade, na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia: 0,30 puntos, ata **un máximo de 40 puntos**.

2. Por cada mes completo de servizos efectivamente prestados en concellos ou mancomunidades de municipios da Comunidade Autónoma de Galicia ou demais entidades instrumentais do sector público autonómico na mesma categoría, categorías análogas ou asimilables: 0,15 puntos, ata un **máximo de 20 puntos**.

A suma das puntuacións dos números 1 e 2 non poderá superar en ningún caso os 40 puntos.

b) **Polo coñecemento do terreo** nos termos establecidos na resolución da dirección xeral competente en materia de función pública pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración das listas reguladas polo presente decreto, correspondentes a determinadas categorías de persoal laboral dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais.

Por acreditación do coñecemento do terreo nalgún dos concellos incluídos nos distritos forestais que solicitan: **10 puntos**.

c) A **suma das notas das probas superadas no último proceso selectivo** da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o grupo, escala, especialidade ou categoría en que se solicita a inscrición na lista ata un **máximo de 40 puntos** segundo a seguinte fórmula: suma das notas obtidas nas probas do proceso selectivo multiplicado por 40 e dividido entre a suma das notas máximas posible das probas do proceso selectivo.

A puntuación desta epígrafe porase de oficio a cero con motivo da resolución dun novo proceso selectivo para o mesmo grupo, escala, especialidade ou categoría da lista en que se encontre inscrita a persoa interesada, e incluírase, así mesmo, de oficio, de ser o caso, a nova puntuación.

Entenderase resolto un proceso selectivo coa publicación do resultado do acto de elección de destino do persoal de novo ingreso.

d) **Por cada chamamento pola mesma lista**, aceptado e rematado sen renuncia ao desempeño do posto: 0,2 puntos, ata un **máximo de 4 puntos**. Só se terán en conta os chamamentos atendidos polas novas listas elaboradas a raíz da entrada en vigor deste decreto.

En todo caso só, se terán en conta os méritos alegados que a persoa solicitante reúna o día 31 de decembro inmediato anterior».

Nove. O artigo 13 queda redactado como segue:

«Artigo 13. Procedemento para solicitar a cobertura temporal de postos

Producida a necesidade de cobertura temporal dun posto, a secretaría xeral técnica ou órgano equivalente con competencia en materia de persoal dirixirase, coa maior brevidade posible, á dirección xeral competente en materia de función pública e solicitará a persoa que, segundo a orde de prelación que figura na lista, lle corresponda ser chamada.

As solicitudes deberán xerarse e enviarse asinadas electronicamente empregando o sistema electrónico de solicitudes de cobertura temporal que a dirección xeral competente en materia de función pública porá á disposición das unidades administrativas solicitantes e serán tramitadas por rigorosa orde de recepción».

Dez. O artigo 14 queda redactado como segue:

«Artigo 14. Os chamamentos ás persoas aspirantes

1. De acordo co disposto no artigo 41.1.b), parágrafo 3º, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establécese a obriga para os integrantes das listas de aspirantes ao nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios, e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, do emprego de medios electrónicos para a emisión e recepción das notificacións dos seus chamamentos para o desempeño dos correspondentes postos de traballo.

Para tales efectos, a notificación de cada chamamento farase ás persoas interesadas empregando o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen cinco días naturais desde á posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Adicionalmente, realizarase unha comunicación mediante SMS con aviso de recepción, que poderá completarse mediante o envío dun correo electrónico ás persoas aspirantes. O aviso de recepción proporcionará información da recepción polo teléfono da persoa citada.

Na mensaxe da notificación mediante Notific@ e da comunicación vía SMS e, se é o caso, correo electrónico, incluírase o código individual da citación e un enlace que permitirá ás persoas seleccionadas ao chamamento acceder directamente, a través do portal web da Xunta de Galicia, ao contido íntegro da citación enviada.

As persoas seleccionadas, no prazo máximo de 5 días naturais desde a posta á disposición da notificación en Notific@, deberán acceder ao sistema de elección de prazas e establecer a orde de prelación de todos os postos ofertados e validar a súa elección.

A validación da súa elección suporá a aceptación do chamamento pola persoa aspirante nos termos seleccionados.

No caso de que o aspirante ao chamamento non acceda ou non valide a súa elección de postos no prazo indicado suporá o rexeitamento do chamamento polo aspirante coas consecuencias, en cada caso, establecidas neste decreto.

No suposto de que a persoa seleccionada reciba varios chamamentos consecutivos durante o prazo previsto no parágrafo anterior deberá atender por orde de recepción as citacións enviadas ás cales lles serán de aplicación as regras precedentes, e os chamamentos serán por estrita orde de citación.

A acreditación da notificación efectuada ou, se é o caso, o rexeitamento incorporarase ao expediente.

